



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de PEDAGOXÍA



PROFESORADO:

Estefanía Vicente Rodríguez

curso 2020/2021



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Índice

curso 2020/2021.....	1
1. Introdución.....	3
2. Metodoloxía.....	3
3. Atención á diversidade.....	8
4. Temas transversais.....	8
4.1 Educación en valores.....	8
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	9
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	10
6. Secuenciación do curso.....	11
6.1 Curso: 6º curso de GP.....	11
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	24
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	24





1. Introducción

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionar lle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvemos no posterior Decreto de 27 de setembro.

En relación co desenvolvemento do currículo, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 203/2007 do 27 de setembro polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, regula no Anexo II os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada un dos catro itinerarios que conforman o inicio da especialización do alumnado, especialización que comeza precisamente no 6º curso do Grao Profesional.

Segundo o Decreto, a materia de Pedagogía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao Superior, tanto na opción de pedagogía do instrumento coma na de pedagogía da lingua e da educación musical.

O itinerario de Fundamentos de Pedagogía baséase, por unha parte, no afondamento nos principios da educación musical e, por outra, na iniciación á comprensión e ao estudio do proceso didáctico. Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino e aprendizaxe musicais e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais escolas pedagóxicas. Este achegamento aos elementos do proceso didáctico, neste preciso momento da súa educación musical, pretende ser de axuda para o seu futuro en relación coa música.

2. Metodoloxía

Xa que a materia de pedagogía debe preparar aos nosos alumnos para afrontar os estudos superiores de pedagogía dos instrumentos ou de didáctica da lingua e da educación musical, será





moi importante atender a esas tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio.

A aprendizaxe levarase a cabode xeito participativo e guiado polo propio alumno xunto co profesor, os alumnos primeiro adquirirán os coñecementos necesarios sobre escolas/métodos, principios psicopedagóxicos, terminoloxía e deseño curricular, e logo poñererán todo na práctica da aula. A avaliación continua e inmediata, e a retroalimentación, deben de ser a guía no proceso.

Tamén se potenciará a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do seu espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino.

2.1. Ensino presencial. Consideracións xerais na aula ordinaria.

A programación contempla o ensino presencial.

Tal e como consta na Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non Universitario de Galicia

2.1.1. Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.





2.1.2. No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.

2.1.3. Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramentos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

2.2. Ensino non presencial. Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso do ensino a distancia

2.2.1. Ensino non presencial en caso de estado de alerta sanitaria

No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplarase o ensino non presencial. Neste caso seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexucio das adaptacións que o os departamentos consideren se se da o caso.

As clases realizaránse de modo telemático no mesmo horario que o alumno tiña asignado anteriormente.

As aulas virtuais facilitadas a todos os centros pola Consellería de Educación, Universidade e FP, serán a vía principal utilizada para a realización da docencia.

Para a realización destas clases, utilizaranse as ferramentas que mellor se adapten tanto ao alumnado como ao profesorado, priorizando as provistas pola Consellería se fose axeitado tanto para alumnado como para o profesorado, é dicir o correo corporativo e Centros Net para as comunicacións coas familias e alumnado, a aula virtual Moodle a plataforma Cisco Webex para as videoconferencias.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

De ser precisa a docencia non presencial debido a un cambio na situación sanitaria, se traballarán ao longo do curso os contidos mínimos de cada curso, e non se abordarán novos contidos ata ter cumplidos eses mínimos polo alumnado.

2.2.2. Ensino non presencial nas situacóns de cuarentena preventiva.

No caso en que un alumno ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, poderase facer o seguemento das clases a través da aula virtual do seu curso e profesor. As clases denvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno tiña asignado anteriormente.

Unha vez incorporado ás aulas, no caso de que o alumno presente dificultades derivadas da non asistencia ás clases presenciais, poderáselle ofertar a asistencia no horario de reforzo asignado ao seu profesor, así como a realización de actividades de reforzo ou recuperación.

2.2.3. Envío de tarefas

Para o envío de tarefas, o alumnado empregará os medios dispuestos para tal fin, respetando os prazos, formatos e protocolos para o seu envío, a través da aula virtual, ao correo electrónico corporativo do profesorado ou a través de Centros Net.

Nas videoconferencias para clases non presenciais, titorías ou probas específicas, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio encendidos, agás nos casos nos que as deficiencias técnicas non llo permitan.

2.2.4. Procedementos de avaliación na modalidade non presencial.

En caso dun confinamento con docencia extendida no tempo, aplicaránse os



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



procedementos de avaliación contemplados na programación adaptándose aos medios telemáticos.

Avaliaranse as probas específicas que se podan facer mediante videoconferencia, as tarefas enviadas polo alumnado respetando o tempo e forma para o seu envío, e a súa participación e actividade na aula virtual.

2.2.5. Aula virtual

Tal e como consta na Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non Universitario de Galicia

2.2.5.1. A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/conservatoriosantiago/aulavirtual2> O acceso á mesma estará na páxina web do centro educativo.

2.2.5.2. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante.

2.2.5.3. Durante os primeiros días de clase os profesores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.





3. Atención á diversidade

Os alumnos que chegan a estes cursos compatibilizan os estudos musicais cos estudios da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional, e mesmo ensinanzas universitarias. Todo isto, as diferentes idades dentro da mesma aula, así como a especialidade instrumental e os intereses e necesidades de cada individuo conforman a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos os diversos intereses e necesidades dos rapaces procurando sobre todo buscar actividades adaptadas as diferentes necesidades dos alumnos de cara a un futuro profesional. Será preciso coñecer na primeira sesión de traballo a que perfil responde entón cada un dos integrantes do grupo para poder adaptar a labor do docente aos intereses do seu alumnado.

Alumnado con necesidades educativas especiais de apoio educativo:

Neste apartado incluiranse alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, alumnado con trastornos psicolóxicos ou da personalidade, alumnado con discapacidade visual e alumnado con alta capacidade ou sobredotación intelectual, entre outros.

Cada caso valorarase de xeito individualizado e consideraranse as posibilidades de intervención óptimas para o seu desenvolvemento integral como persoa, tendo en conta o seu contexto socio-cultural. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas acordes a cada necesidade concreta.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A materia de Pedagogía responde, sen maior dúbida, a un perfil académico moi particular: o dunha materia na que en cada integrante do grupo comparte espazo a condición de alumno xunto, xa nalgunha medida, a de profesor. É preciso entón que o docente faga chegar os valores axeitados a estas dúas condicións.





Como grupo de alumnos e alumnas, a formación e práctica musical favorecerá neles o desenvolvemento de valores como o esforzo, a responsabilidade, a igualdade, o respeito e a tolerancia. Ademais, a atención, concentración e a reflexión son outras calidades favorecidas polo aprendizaxe da música.

Como grupo de profesores e profesoras, á materia de Pedagoxía lle compre transmitir os valores engadidos que cada docente precisa de maneira obrigada.

- Respecto por cada alumno e alumna en canto a súa maneira de aprender, de expresarse, erespecto polas súas inquedanzas na súa formación.
- Respecto polo currículo en canto necesaria planificación didáctica
- Ánimo, compromiso e paciencia ante a tarefa.
- Comportamento crítico ante os errores perpetuados na práctica docente.
- Inconformismo ante a formación particular de cada un.
- Curiosidade ante ideas, métodos ou recursos aínda non coñecidos.
- Proceder autocrítico cuestionando, avaliando e corrixindo cada traballo.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con equipamento informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca / fonoteca / videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información. Deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

A aula donde se impartirá a materia conta con PDI, polo que será empregada tanto como apoio visual das explicacións, recomendación de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas a tratar, como na realización de actividades interactivas.

As aplicacións e recursos na internet a empregar están especificados no apartado "Recursos didácticos" da presente programación.





Regulamento do uso do móvil e dispositivos electrónicos, así coma de aplicacións dos mesmos

Tal e como se recolle nas NOF do centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos, no emprego de algunha aplicación musical como o metrónomo, afinador, aplicacións con bases armónicas de sons.

Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.

No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer utro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algúun motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, concertos fóra do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeto e convivencia, entre outros.

Fomentarase a asistencia aos concertos didácticos e audicións programados habitualmente no centro fóra do seu horario lectivo.





6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º curso de GP

6.1.1 Obxectivos específicos da pedagogía musical

As ensinanzas de Pedagogía terán como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Coñecer os principios das principais escolas pedagógicas.
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Coñecer os principios do ensino musical nos niveis educativos.
- Coñecer as escolas pedagógicas e os seus recursos pedagógicos no ensino da música.
- Coñecer e valorar os métodos e sistemas actuais da pedagogía musical: Dalcroze, Kodály, Orff, Willems, Ward, Suzuki, ... e as posibilidades de aplicación na aula de música de hoxe en día. Coñecer e aplicar a metodoloxía IEM de Emilio Molina en España.
- Coñecer recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, partituras, software e outros recursos das TIC's
- Coñecer e poñer en práctica as orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo áx espe- cialidade ou familia instrumental.
- Respetar e apreciar a diversidade como norma dentro da clase colectiva.
- Atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Coñecer e poñer en práctica técnicas de motivación e de estudio.
- Coñecer e poñer en práctica estratexias de xestión eficaz da aula.
- Coñecer o currículo das ensinanzas musicais en Galicia.
- Concretar o currículo a través da programación didáctica.





- Concretar as programacións didácticas a través da programación de aula e as unidades didácticas.
- Deseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula.

6.1.2 Contidos

- Principios da educación en xeral, e de educación musical en particular.
- Principios psicopedagógicos para mellorar a aprendizaxe do alumnado.
- Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical: Dalcroze, Kodály, Orff, Willems, Ward, Suzuki, ... e outros.
- A metodoloxía IEM de Emilio Molina en España. A introdución temperá da harmonía, a improvisación e a creatividade.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, partituras, software e outros recursos das TIC's ...
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental
- A atención á diversidade dentro da clase colectiva.
- A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Técnicas de motivación e de estudo.
- Estratexias de xestión eficaz da aula.
- Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo.
- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.
- O currículo das ensinanzas musicais en Galicia. Aspectos xerais do currículos de grao elemental e grao profesional de música.
- Programación didáctica e avaliación. O profesorado como planificador.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- O currículo nas ensinanzas musicais en Galicia.
- Atención e concentración ante as explicacións por parte do profesor.
- Aceptación das cualidades da propia voz e do propio corpo e das súas posibilidades comunicativas e transmisoras de ensinanzas.
- O profesorado como planificador.
- Sensibilidade ante o silencio.
- Interese pola aprendizaxe das estratexias para potenciar a eficacia do ensino. Técnicas de motivación e estudio.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliação

- **Demostrar o coñecemento dos principios psicopedagóxicos do ensino musical.** Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para unha práctica pedagólica musical axeitada.
- **Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións más frecuentes.** Mediante este criterio valórarse a comprensión do alumnado dos sistemas pedagógicos modernos e a súa utilización no ensino e aprendizaxe da música.
- **Expor temas de pedagogía e didáctica da música facendo uso de recursos didácticos diversos, incluíndo materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema.** Preténdese avaliar o coñecemento e capacidade de desenvolvimento dos recursos e materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagogía musical.
- **Realizar supostos prácticos de diferentes casuísticas de diversidade de alumnado mediante a elaboración de plans de intervención de aula no rol do profesor ás**



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

necesidades concretas do alumnado. Preténdese avaliar se o alumno é quen de analizar diferentes contextos e situacións educativas e intervir de xeito eficaz e individualizado ás necesidades do alumnado.

- **Amosar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos seus elementos básicos e da súa concreción.** Avaliaranse deste xeito os coñecementos xerais sobre os deseños curriculares.
- **Presentar e expoñer unha unidade didáctica para un determinado nivel de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”, ou de ser o caso, da súa especialidade instrumental.** Preténdese comprobar se están básicamente se o alumno comprende o deseño curricular neste último nivel de concreción e é capaz de levar á práctica da aula os seus coñecementos pedagógicos e didácticos.
- **Impartir unha clase con referencia a un aspecto musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas elementais ou profesionais de música.** Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos psicopedagógicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica

Mínimos esixibles

No momento de avaliar, estas son as actitudes, coñecementos e destrezas mínimas que deberá amosar o alumno para obter unha cualificación positiva.

- Apreciar o currículo como fundamento organizativo do sistema educativo.
- Coñecer os elementos e fontes do currículo, ademais do seu proceso de concreción a través da lexislación actual.
- Deseñar un proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Analizar e criticar un documento curricular.
- Coñecer as fases do desenvolvemento evolutivo.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- Coñecer as metodoloxías máis relevantes no eido do ensino da música: Dalcroze, Willems, Orff e Kodaly.
- Ter conciencia da diversidade de escolas pedagóxicas, actuais e antigas: Comenius, Freinet, Piaget, Zulueta, etc.
- Coñecer os materiais didácticos empregados na ensinanza da música: textos, instrumentos e recursos tíc.
- Apreciar a biblioteca escolar como centro de recursos para a ensinanza e o aprendizaxe.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso levarase a cabo unha **avaliación inicial** para determinar o punto de partida do alumnado, así como as seus intereses e coñecementos previos. A **avaliación procesual** será realizada ao longo do curso e avaliará tanto os procesos de aprendizaxe do alumnado como a calidade do ensino do profesorado. A **avaliación final** no mes de **maio** é sumativa e recolle, ao remate do curso, todos os procesos de avaliação realizados con anterioridade. Trimestralmente o alumnado e as súas familias terán información sobre a marcha do proceso de ensino-aprendizaxe a través da aplicación informática e do boletín de notas, ao remate do curso. Valorarase o traballo da aula así como a entrega en prazo dos traballos e tarefas propostos. Ao remate de cada trimestre o/a profesor/a poderá proponer un exercicio a realizar na aula como proba obxectiva de avaliação. Explicarase ao alumnado o tipo de exercicio a realizar con tempo suficiente.

Estes exercicios poderán ser:

- Elaboración de diferentes traballos escritos cos contidos programados como tema.
- Desenvolvemento de actividades de ensinanza-aprendizaxe.
- Desenvolvemento de conversas e debates na aula acerca dos contidos traballados.

Criterios de cualificación



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- A) Confección e exposición de traballos de investigación orixinais sobre as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. que á súa vez posibilite a súa posta en práctica na realidade da aula. Puntuarase de 1 a 10.
- B) Realización de supostos prácticos e probas obxectivas que recollan diferentes casuísticas de diversidade de alumnado e contextos educativos mediante a elaboración de plans de intervención de aula eficaces adaptados ás necesidades concretas do alumnado. Puntuarase de 1 a 10.
- C) Realización e exposición de unidades didácticas orixinais de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”. Puntuarase de 1 a 10. (*)¹
- D) Impartición de clases nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá unha unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”, ou de ser o caso, da especialidade instrumental do alumno. Puntuarase de 1 a 10.

Os criterios de cualificación na convocatoria de **maio** serán os seguintes:

20 %, confección e exposición de traballos (principalmente durante o primeiro trimestre)

20% realización de supostos prácticos ou probas obxectivas (ao longo de todo o curso)

20% unidades didácticas (2º trimestre)

40% Impartición de clase (2º e 3º trimestre, ofrecerase a posibilidade de asistir voluntariamente a sesións de Linguaxe Musical **a maiores da clase semanal de “Pedagoxía” onde o estudiante poderá poñer en práctica as seus coñecementos e habilidades pedagóxicas**



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



6.1.4 Medidas de recuperación

Procedimentos de recuperación ordinarios

A avaliación será continua. No caso de obter unha cualificación inferior a cinco na primeira ou segunda avaliação, a recuperación do traballo non desenvolvido levarase a cabo durante o seguinte trimestre e, se é o caso, poderase recuperar o traballo das dúas primeiras avaliações ao longo do terceiro trimestre do curso. Para levar a cabo a recuperación, será preciso desenvolver as tarefas propostas pendentes ou as correccións correspondentes.

Probas extraordinarias de setembro

No caso de obter unha cualificación inferior a cinco na derradeira avaliação, o alumno ou alumna poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organizará nos cinco primeiros días hábiles do mes de setembro.

Consistirá nunha proba cunha duración máxima de 120 minutos que abranguerá as catro partes seguintes:

- A) Realización dunha proba obxectiva con cinco preguntas que abranguerá todos os contidos do curso tales como: as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. Puntuarase de 1 a 10.
- B) Realización dun suposto práctico que recolla un caso concreto en canto a nivel educativo, idade, nivel inicial de coñecementos, ... no que se elaborará un plan de intervención eficaz (ritmo, melodía, harmonía, ...) adaptado ás necesidades concretas do alumnado. Puntuarase de 1 a 10.
- C) Presentación en formato papel dunha unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal”. Puntuarase de 1 a 10. (*)1
- D) Impartición dunha clase nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá a unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal” presentada na letra anterior. Puntuarase de 1 a 10.





Procedemento de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algúñ alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- A) Realización dunha proba obxectiva con preguntas que abranguerán os contidos do trimestre tales como: as principais escolas ou pedagogos musicais, métodos didácticos actuais, principios psicopedagóxicos, deseño curricular, investigación educativa, atención á diversidade, etc. Puntuarase de 1 a 10.
- B) Realización dun suposto práctico que recolla un caso concreto en canto a nivel educativo, idade, nivel inicial de coñecementos, ... no que se elaborará un plan de intervención eficaz (ritmo, melodía, harmonía, ...) adaptado ás necesidades concretas do alumnado. Puntuarase de 1 a 10.
- C) Presentación en formato papel dunha unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal” ou da especialidade instrumental do alumno.. Puntuarase de 1 a 10. (*)1
- D) Impartición dunha clase nun entorno real ou simulado na que se desenvolverá a unidade didáctica orixinal de “Linguaxe Musical” e/ou “Educación Auditiva e Vocal” ou da especialidade instrumental do alumno, presentada no apartado anterior. Puntuarase de 1 a 10.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, considerandose positiva a partir do 5.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

6.1.5 Recursos didácticos

ANTÚNEZ, S.; et al. (1992) *"Del proyecto educativo a la programación de aula : El qué, el cuándo y el cómo de los instrumentos de la planificación didáctica"*. Barcelona: Graó.

ARAVAL (grupo): *Temas de lenguaje musical, vol.2, Principios pedagógicos*, Piles, Valencia, 1995.

BACHMANN, Marie-Laurie: *La rítmica Jaques-Dalcroze. Una educación por la música y para la música*" Pirámide, 1998

BARBACI, Rodolfo: *Educación de la memoria Musical*, Ed Ricordi , 1965.

BARBERÁ, Vicente: *Cómo elaborar un proyecto curricular de centro*, Ed. Escuela Española, Madrid, 1993.

BRINGUIER, J. (2004) *Conversaciones con Piaget: Mis trabajos y mis días*. Barcelona:

Gedisa.COLL, César: *Psicología y currículum*, Ed. Paidós. Barcelona 1995.

COMENIUS, J. (1986) *Didáctica Magna*. Madrid: Akal.

COSSIÓ, M. (2007) *El maestro, la escuela y el material de enseñanza*. Madrid: MEC.

DARLING-HAMMOND, L. (2001) *El derecho de aprender*. Barcelona: Ariel.

DELVAL. Juan: *Aprender a aprender. El desarrollo de la capacidad de pensar*, Ed. Alhambra Logman, Madrid, 1992.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

DE ALCÁNTARA, Pedro: *Indirect Procedures. A Musician's Guide to the Alexander Technique*. Oxford University Press, New York, 1997.

DE ZULUETA, L. (2006) *El ideal en la educación: Ensayos pedagógicos y otros textos*. Madrid: MEC.

DESPINS, J. (1994) *La música y el cerebro*. Barcelona: Gedisa.

DÍAZ, M.; GIRÁLDEZ, A. (2007) *Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical*. Barcelona: Graó.

DINVILLE, Claire: *Los trastornos de la voz y su reeducación*, Ed. Masson, Barcelona, 1996.

ELIZALDE, Luís: *El canto escolar*. Esc.Sup.Música Sagrada y Pedagogía, Madrid.

ESCUDERO, Ma Pilar: *Pedagogía Musical*, Real Musical, Madrid, 1981.

FELDMAN, D. (2010) *Didáctica general*. Buenos Aires: Ministerio de Educación de la Nación.

FRIDMAN, Ruth: *El nacimiento de la inteligencia musical*, Ed. Guadalupe, Buenos Aires, 1988.

FUENTES, Pilar: *Pedagogía y didáctica para músicos*, Piles, Valencia, 1989.

GARDNER, H. (1995) *Inteligencias múltiples*. Barcelona: Paidós.

GARDNER, Howard: *Las cinco mentes del futuro. Un ensayo educativo*. Paidós, Barcelona, 2005.

GREEN, Barry y GALLWEY, W. Timothy: *The Inner Game of Music*. Pan Books, New York, 1987.

HEGYI, Erzsébet: *Método Kodály de Solfeo I.y II*. Pirámide1999

HEMSY DE GAINZA, Violeta: *Fundamentos, materiales y técnicas de la educación musical*, Ed. Ricordi, Buenos Aires, 1977.

HEMSY DE GAINZA, Violeta: *La educación musical del niño*, Ricordi, Buenos Aires.

HOULAHAN, Mícheál / TACKA, Philip: *Kodály Today*. Oxford U.P. 2008.

JIMÉNEZ FERNÁNDEZ, Carmen: *Pedagogía diferencial. Diversidad y equidad*. Pearson Educación S.A., Madrid, 2005.

KARPINSKI, Gary S.: *Aural Skills Acquisition. The Development of Listening, Reading, and Performing Skills in College-Level Musicians*. Oxford University Press, New York, 2000.

LE BOULCH, Jean: *La educación por el movimiento en la edad escolar*, Ed. Paidos, Barcelona, 1972.



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703 Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

LÓPEZ DE ARENOSA, Encarnación: *Apuntes sobre didáctica musical*, Enclave creativa ediciones, Madrid, 2004.

MANEVEAU, Guy: *Música y educación*, Ed. Rialp, Madrid, 1993.

MARTENOT, Maurice: *Principios fundamentales de formación musical y su aplicación*, Ed.Rialp, Madrid, 1993.

MOLINA, Emilio y otros: *Lenguaje Musical. Grado Elemental*, vols. 1-8. Metodología IEM. Enclavemcreativa, Madrid.

MOLINA, Emilio y otros: *Cuadernos de Audición. Grado Elemental*, vols. 1-6. Metodología IEM. Enclavemcreativa, Madrid.

ORFF, Carl: *Música para niños*, Ed. Unión Musical Española, Madrid, 1969.

PIAGET, Jean: *Psicología del niño*, Ediciones Morata, Madrid, 1980.

PIAGET, J. (1987) *Psicología y pedagogía*. Barcelona: Ariel.

PIAGET, J. (1979) *Seis estudios de psicología*. Barcelona: Seix Barral.

RAINBOW, Bernarr y COX, Gordon: *Music in Educational Thought and Practice*. The Boydell Press, Woodbridge, 2006.

RENZULLI, Joseph y REIS, Sally: *Light Up Your Child's Mind*. Little Brown and Company, New York, 2009.

SCHAFFER, R. Murray: *El compositor en el aula*, Ed. Ricordi, Buenos Aires, 1965.

SCHAFFER, R. Murray: *Limpieza de oídos*, Ed. Ricordi, Buenos Aires, 1967.

SCHAFFER, R. Murray: *El rinoceronte en el aula*, Ed. Ricordi, Buenos Aires, 1975.

SCHAFFER, M. (1969) *El nuevo paisaje sonoro: un manual para el maestro de música moderno*. Buenos Aires: Ricordi.

SWANWICK, Keith: *Música, pensamiento y educación*, Ed. Morata, Madrid, 1991.

TASSET, Jean Marie: *Teoría y práctica de la psicomotricidad*, Ed. Paidós, Barcelona, 1980.

VANDESPAR, E: *Manual J. Dalcroze. Enseñanza de la rítmica*, Ed. Pilar Llongueras, Barcelona, 1990.

VVAA.: *La educación musical en Hungría*. Real Musical, 1981.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

WARD, Justine: *Método Ward. Pedagogía Musical Escolar*, Desclée y Cía, Bilbao.

WILLEMS, Edgar: *El valor de lo humano en la educación musical*, Paidós, 1984.

WILLEMS, Edgar: *El oído musical. La preparación auditiva del niño*, Ed. Paidós, Barcelona, 2001.

WILLEMS, Edgar: *Las bases psicológicas de la educación musical*, Ed. Eudeba, Buenos Aires, 1984.

WUYTACK, Jos: *Cantar y Descansar. Canciones con gestos*, R.M. Madrid, 1990.

WUYTACK, Jos: *Musicalia. Musicogramas (2 vol.)*, De Garve, Brujas, 1991.

ZAMACOIS, Joaquín: *Temas de Pedagogía Musical*, Quiroga, Barcelona, 1981.

Aplicaciones

JClic

Ardesia

LenMus

Phonascus

Musescore

Ardora

SMART Notebook

Audacity

Hot Potatoes

LibreOffice

GNU Solfege

Kahoot

Inkscape

Cmap Tools

Open-Sankore



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Quizlet

Sozi

Phyton-Whiteboard

Recursos na Internet:

Google Classroom

Web da Consellería de Educación

Eduteka

Big6

BOE

Prezi

Hooktheory

Fundación Juan March

Teoría.com

Blank Sheet Music

Listening Adventures

Residencia de Estudiantes

Radio Televisión Española

Wikispaces





7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Durante o curso, os profesores do departamento, nas súas reunións, revisarán o grao de cumprimento desta programación, atendendo aos seguintes aspectos:

- O proceso de ensinanza-aprendizaxe: observarase si se teñen en conta os coñecementos previos do alumnado, si se utilizan estratexias didácticas diferentes para atender á diversidade dos alumnos, si se implica aos mesmos no seu proceso de aprendizaxe permitíndolles que propoñan actividades, si a distribución de aula facilita a axuda entre iguais, o traballo autónomo, si dita distribución se modifica coas actividades, a idoneidade dos materiais e recursos didácticos, o aproveitamento dos recursos do entorno e si o docente orienta individualmente o traballo do alumnado.
- Criterios de avaliación: recollerase información referente a: valoración do traballo que desenvolve o alumnado na aula e na casa, avaliación dos coñecementos previos e directa a través dos cadernos de traballo, participación do alumnado na súa avaliación, o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación por parte dos alumnos e as súas familias, análise dos resultados cos grupos de alumnos, programación de actividades para ampliar e reforzar e a eficacia das sesións de avaliación.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valoraráse o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxetivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para relizar dita valoración.

Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.
- b) Motivo das modificacións.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

- c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- d) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro